



ACTA DO TRIBUNAL DE VALORACIÓN EN ORDE Á CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TÉCNICO SUPERIOR EN INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN" DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS.-

No Salón de Sesións do Concello de Portomarín, sendo as once horas do día doce de decembro de dous mil dezasete, reúnense as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o tribunal que cualificará o proceso selectivo convocado ao efecto.

Titulares:

Presidente: Don José López González.

Vogais: Dona Mónica Santiso Lareo e don Julio González Casanova.

Secretario: D. Jose Luis Vázquez Méndez.

Non asiste o vogal don Santiago José Bacariza Cortiñas.

Actúa como asesora dona Silvia Fernández Vila.

Por acordo plenario da Mancomunidad de Concellos Galegos do Camiño francés, de data 21 de setembro de 2017, aprobáronse as bases para a contratación como persoal laboral temporal dun técnico superior en información e comercialización turística, polo sistema de concurso oposición. Ao respecto das bases publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de data 14 de outubro, así como no diario El Progreso e La Voz de Galicia de data 3 de outubro, a efectos de presentación de solicitudes para a participación no proceso selectivo, a contar desde a data de publicación no BOP.

Por Decreto da Presidencia de 25 de outubro do actual, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, indicando as causas de exclusión e outorgando un prazo de un día natural contado a partir do seguinte ao da publicación na web do concello de Portomarín, para que os excluídos enmenden as deficiencias. Por decreto da Presidencia de 27 de outubro, elevouse a definitiva a lista de admitidos:

Adrián Pena Bermúdez.

Reyes Vázquez Gavieiro.

Por Decreto da Presidencia de data 30 de novembro do actual, nomeouse ao Tribunal Calificador, convocando para o día 12 de decembro do actual.

Unha vez identificados os admitidos ao proceso selectivo, comézase o mesmo pola fase de oposición, que consistirá nun único exercicio teórico, un cuestionario test de 50 preguntas e 4 de reserva, con 4 respostas alternativas, das que soamente unha é válida, nun tempo máximo de 50 minutos. Cada resposta correcta puntua 0.40 puntos e cada 3 respostas incorrectas descontan unha resposta correcta. As preguntas non contestadas non contabilizan. A puntuación máxima será de 20 puntos, sendo necesario acadar a puntuación de dez puntos para a súa superación.

Polo Tribunal ponse a disposición dos/as aspirantes presentados o exame. Unha vez rematada a proba, o Tribunal procede a corrección e valoración dos exercicios realizados, outorgando por unanimidade as seguintes puntuacións:

Adrián Pena Bermúdez: 23 correctas/ 23 incorrectas/ 4 en branco, polo que obtén unha puntuación de 2,20 puntos.

Reyes Vázquez Gavieiro: 44 correctas/ 1 incorrecta/ 5 en branco, polo que obtén unha puntuación de 17,60 puntos.

Polo tanto, de conformidade co establecido nas bases, soamente supera a fase de oposición (apartado 5.2) a aspirante dona Reyes Vázquez Gavieiro.

Seguidamente procédese a valorar os méritos da única aspirante que superou a fase de oposición, acadando un total de 3,80 puntos, correspondendo 0,30 ao apartado de cursos e 3,50 ao apartado de experiencia profesional.

A vista das puntuacións obtidas nas dúas fases do proceso selectivo, **dona Reyes Vázquez Gavieiro, supera o proceso selectivo, obtendo unha puntuación total 21,40 puntos.**

A vista dos resultados obtidos o Tribunal **ACORDA**, elevar proposta ao SR. PRESIDENTE, de formalización de contrato de traballo da aspirante que superou o proceso selectivo.

A criterio do Tribunal, outórgase un prazo de dous días hábiles, a efectos de consulta e reclamacións dos resultados do proceso selectivo.

Non sendo outro obxecto deste acto, esténdese a presente acta que asinan todos os membros do TRIBUNAL, sendo as trece horas da data o principio indicado, de todolo que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe..

